

# LUME

VOCEIRO DE ENSINO MEDIO DE GALIZA NOVA  
NÚMERO 13 - XANEIRO DE 2017



galizanova.gal | organización  
facebook/galizanova | xuvenil do  
@galizanova | BNG

## 16 FEBREIRO FOLGA ESTUDANTIL

NIN LOMCE

NIN 3+2

**Galiza ten protagonizado nos últimos anos as maiores mobilizacións estudiantís en defensa do ensino público galego.** Nas folgas do pasado trimestre conseguimos tirar abaixo un dos aspectos fundamentais da LOMCE como as reválidas, mais non é suficiente, **seguen en pé o Decreto do 3+2 na universidade e importantes cuestións da LOMCE.**

Por iso, desde Galiza Nova chamamos á mocidade a secundar a **folga do estudantado galego do 16 de febreiro convocada pola organización estudiantil galega, ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA** e a saír ás rúas unha vez máis para tumbar dunha vez por todas dende Galiza o modelo educativo do PP, que precariza e españoliza o noso ensino por completo.

A pesar de que as reválidas non entraran en vigor hai outras moitas cuestións da LOMCE que seguen a aplicarse, por exemplo:

- Considérase a relixión católica como unha materia cuxa nota conta para o acceso á universidade
- Subvenciónanse centros que segregan ao alumnado por razón de sexo.
- Redúcense horas nas materias que se imparten no noso idioma.
- Favorécese a españolización do noso ensino ao equiparar os temarios en todo o estado.
- Fórzase ao estudantado a escoller unha vía en función das súas calificacións antes de rematar a ESO expulsando do Bacharelato e do ensino universitario aquelas estudantes que non opten por esta.

- Ao contratar menos profesorado auméntase o ratio de estudantes por docente, o que repercute negativamente na calidade do ensino.

- Elimínanse horas ou pasan de ser materias troncais a optativas materias fundamentais para a formación do estudantado como pode ser o caso das humanidades, interesando só as materias que xeren rendibilidade ás grandes empresas.

- Eliminan as competencias dos consellos escolares para asumilas a dirección directamente, en cuxo nomeamento ten un papel fundamental a Xunta.

A todo isto hai que sumar a situación de **incerteza que está a vivir principalmente o estudantado de 2º de Bacharelato en relación á selectividade deste ano, dado que non se sabe exactamente como vai decorrer.**

Ademais **o PP tamén aprobou o decreto 3+2 para o ensino universitario**, que recorta un ano dos graos universitarios e auméntao nos másteres:

- Os graos baléiranse de contido sendo necesario realizar un máster para acceder ao mercado laboral.

- As matrículas dos másteres teñen un custo medio que duplica o dos graos, facendo que unha grande parte do estudantado non poida cursalos.

Dende Galiza Nova entendemos que esta situación vai contra o noso dereito a un ensino público, galego, laico e de calidade e que só poderemos mudala a través da nosa resposta nas rúas, por iso animamos á mocidade a acudir ás mobilizacións do día 16 de febreiro!

**LOITEMOS POLO ENSINO PÚBLICO GALEGO!**

# COÑECE OS TEUS DEREITOS

O estudiantado ten recollido na lexislación actual o dereito a folga como método de protesta e reivindicación e non se lle pode sancionar nin as súas cualificacións se poden ver prexudicadas por non ir a clase o día da folga. Ademais, se un exame ou proba cadra co día da folga temos dereito a que se mude o día comunicándoo debidamente.

Se no voso centro vos poñen problemas, só en 1º e 2º da ESO será necesaria unha autorización paterna ou materna para faltar a clase no caso de folga e tamén terán que cambiarvos os exames.

## COMO ORGANIZAR A FOLGA?

Podes organizar unha asemblea informativa entre @s compañeir@s de clase sobre os motivos da folga. O centro ten que respectar o horario de reunión en horario lectivo, polo que non terás que agardar ao remate das clases.

Se tes calquera dúbida, desexas máis material ou información da nosa organización contacta connosco no correo [nacional@galizanova.gal](mailto:nacional@galizanova.gal)

## MAPA COS PUNTOS DAS MOBILIZACIÓNS



## MOBILIZACIÓNS ÁS 12H

A CORUÑA, Pz. de Vigo  
BOIRO, Pz. do Concello  
CALDAS DE REIS, Carballeira  
CANGAS DO MORRAZO, Pz. do Concello  
COMPOSTELA, Alameda  
FERROL, diante do Edificio da Xunta  
LUGO, Pz. do Seminario  
MELIDE, diante do IES de Melide  
MOAÑA, Pz. do Concello  
O BARCO DE VALDEORRAS, Pz. do Concello  
OURENSE, Subdelegación do Goberno  
PONTEAREAS, á saída dos IES  
PONTEVEDRA, Pz. da Peregrina  
RIBEIRA, diante do IES nº1  
VIGO, Pz. América  
VILAGARCÍA DE AROUSA, Pz. de Galiza



**ÚNETE A NÓS, VEN CONSTRUÍR GALIZA!**

Se desexas recibir máis info sobre as actividades e a liña política de Galiza Nova, envíanos un correo electrónico a [nacional@galizanova.gal](mailto:nacional@galizanova.gal)